

*Acerca
ndo
Latinoamérica
a Galicia.*



MUESTRA CINE LATINOAMERICANO ARAGUANEY

Do luns 2 ao venres 6 de maio
Hotel Eurostars Araguaney



MUESTRA CINE LATINOAMERICANO **ARAGUANEY**

Á terceira vai a boa!

Tras a obrigada interrupción de dous anos consecutivos por mor da pandemia, volvemos cargados de ilusión para celebrar a terceira edición da "Muestra de Cine Latinoamericano Araguaney". Esta iniciativa trata de ofrecer unha visión o máis ampla posible da realidade social e cultural desta parte do planeta, intentando romper estereotipos e achegarnos un pouquiño máis a unha cultura tan próxima e, ao mesmo tempo, tan afastada.

GHALEB JABER MARTÍNEZ

Presidente da Fundación Araguaney-Puente de Culturas.



PRESENTACIÓN

LUNS 25.04 | 20:00H. | Hotel Eurostars Araguaney



PACTO DE FUGA (FIC)

David Albala | 2020 | Chile | 138'

Chile. Ditadura de Augusto Pinochet. Medio centenar de presos políticos do Cárcere Público de Santiago planean fuxir do penal. Para iso, deciden cavar un túnel de máis de 80 metros coa única axuda dos pequenos utensilios que tiñan na prisión.

DAVID ALBALA

Nacido en Chile, David é un artista polifacético. Xornalista, orador motivacional, guionista, director de cine e músico de rock. Comezou a súa andaina no mundo do cine co programa documental "Los Patiperrros" (TVN) e, máis tarde, tras un accidente que o deixou paraplégico dirixiu o filme e a serie de televisión "PersPecPleja" (Canal 13).

LUNS 02.05 | 20:00H. | Hotel Eurostars Araguaney



LA CORDILLERA DE LOS SUEÑOS (DOC)

Patricio Guzmán | 2019 | Chile | 93'

Patricio Guzmán, director do filme, fuxiu de Chile hai máis de corenta anos cando a ditadura militar substituiu ao Frente Popular. Dende o exilio, as súas lembranzas sempre percorreron a cultura e a sociedade do país, proxectadas nun espazo xeográfico claro que enchiña o seu corazón: a cordilleira dos Andes.

PATRICIO GUZMÁN

Patricio Guzmán é un veterano director chileno residente en Francia. Fixose mundialmente famoso, na década dos 70, trala fuxida do golpe de Estado de Pinochet e a posterior publicación, desde o exilio, da súa mellor obra: a trilogía documental "La batalla de Chile".

MARTES 03.05 | 20:00H. | Hotel Eurostars Araguaney



LOS SONÁMBULOS (FIC)

Paula Hernández | 2019 | Arxentina | 107'

Un matrimonio en crise e a súa filla adolescente viaxan á casa de campo familiar para pasar a festa de fin de ano. Unha vez allí, o que prometía ser unha entráñable data, desembocará nunha espiral de discusións, ameazas e lloitas.

PAULA HERNÁNDEZ

Paula Hernández é unha directora e guionista bonaerense con diversos filmes e curtametraxes no seu currículo. Tras varios anos de inactividade, regresou recentemente ao mundo do cine con dúas aclamadas historias sobre as relacións familiares: o brillante drama "Los sonámbulos" (2019) e a emotiva "Las siamesas" (2020).

MÉRCORES 04.05 | 20:00H. | Hotel Eurostars Araguaney



BACURAU (FIC)

Kleber Mendonça Filho e Juliano Dornelles | 2019 | Brasil | 132'

A vida cotiá dunha vila brasileira vese interrompida por unha serie de sucesos estralios. A comunidade local deberá unirse para afrontar a sucesión de desgrazas que terán lugar neste trepidante filme.

KLEBER MENDONÇA FILHO E JULIANO DORNELLES

Os directores brasileiros volveron xuntarse para dirixir e guionizar este aclamado filme que gañou numerosos premios, entre os que destaca o do xurado de Cannes. A pesar da súa recorrente colaboración nos últimos anos, "Bacurau" é a primeira película na que ambos comparten dirección e guión.

XOVES 05.05 | 20:00H. | Hotel Eurostars Araguaney



CHOLITAS (DOC)


Jaime Murciego | 2019 | Bolivia | 82'

Cinco mulleres indíxenas bolivianas protagonizan unha expedición única. Como símbolo de liberación e empoderamento, propónense escalar a montaña máis alta de América.

JAIME MURCIEGO

Realizador freelance. Durante a súa carreira profesional traballou para distintos medios de comunicación como Atresmedia ou Zeppelin TV. En 2016, despois de ler un artigo sobre as "Cholitas escaladoras", decide ponerse en contacto con elas e viaxar ata Bolivia para facerse eco dunha historia que merecía ser contada.

VENRES 06.05 | 20:00H. | Hotel Eurostars Araguaney



LA CIVIL (FIC)

Teodora Ana Mihai | 2021 | México, Bélxica, Romania | 140'

"La Civil" relata a historia dunha nai e a busca da súa filla, secuestrada por unha banda criminal. Este drama inspirase na historia real da activista Miriam Rodríguez que, trala desaparición da súa filla, decidiu emprender a súa busca, enfrentándose aos cártelos da zona.

TEODORA ANA MIHAI

Guionista e directora de cinema. Nada en Romania, pronto se trasladaría a Bélxica coa súa familia. No 2014, debutou como directora co galardoado documental "Waiting for August". Anos máis tarde, estreanouse coa súa primeira longametraxe de ficción: "La Civil" (2021).



MUESTRA CINE LATINOAMERICANO **ARAGUANEY**



EUROSTARS
ARAGUANEY



Indispensable confirmar asistencia al e-mail inscripciones@araguaney.com
A inscripción para cada filme finalizará las 15:00h. o mismo día de proyección.
Máximo dos entradas por persona.

ACCESO

